



Expediente 47860/220

ACTA Nº2: SESIÓN DE VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO SERVIZOS ECONÓMICOS INCLUÍDAS NA 3ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA PROMOCIÓN INTERNA)

En Vigo, ás 10:00 horas do día 7 de maio de 2026, reúnense na Sala anexa á Secretaría Xeral sita no primeiro andar da Casa do Concello o órgano de selección do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio de servizos económicos (A2), incluídas na 3ª fase da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022 (quenda promoción interna), designado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 27/02/2026 (BOPP de Pontevedra número 44, do día 05/03/2026) con rectificación de erro por acordo da Xunta de Goberno Local de 06/03/2026 (BOPP de Pontevedra número 50, do día 13/03/2026. Esta praza inclúese nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 cuxas bases reitoras e convocatoria foron publicada no BOPP nº 169 do 30.08.2024.

O órgano de selección queda constituído coa asistencia dos/as seguintes membros:

Presidencia:

Titular: Mar Suárez Campo, viceinterventora adxunta do Concello de Vigo

Secretaría:

Titular: Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de Administración Xeral, xefa da área de Contratación e Novos Proxectos do Concello de Vigo

Vogalía primeira:

Titular: María Dolores Vieites Alén, técnica medio de servizos económicos axunta a dirección de ingresos e inspección tributaria do Concello de Vigo.

Vogalía segunda:

Suplente: Óscar Abad Rodríguez, economista do Concello de Vigo.

Vogalía terceira:

Suplente: Belén Pérez Barreiro, técnica medio de servizos económicos do Concello de Vigo.

Existindo o quórum esixido nas bases, o órgano de selección queda constituído coa totalidade dos seus membros e procédese á apertura da sesión polo Presidente.

En cumprimento do disposto na base oitava das xerais, lémbrese aos/ás presentes o deber de abstención dos membros do órgano de selección, en canto concorra algunha das causas previstas legalmente (artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público – LRXSP) así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de accesos nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2 do Real decreto 364/1995, do Regulamento xeral de ingreso.

Lémbrese aos membros do órgano de selección o deber de siliu en relación ás deliberacións do órgano colexiado na procura dun adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 12:08	Páxina 1 de 2
47860-220	CSV: A1B6A3-DD8835-E6A1AH-B5JZN4-CMD3UC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expediente 47860/220

Na sesión constitutiva deste tribunal, o 30 de abril de 2026, procedeuse a valoración da fase de concurso, no entanto, no se pudo completar por canto non resultaba acreditada a antigüidade dos aspirantes ESCUDERO GONZÁLEZ, F.J. e OTERO MÉNDEZ, M.I. Solicitado certificado de antigüidade a área de Recursos Humanos, unha vez recibido completouse a valoración. O resultado é o seguinte:

APELIDOS	NOME	ANTIGÜIDADE	CURSOS	TITULACIÓN	GALEGO	TOTAL
ESCUDEIRO GONZÁLEZ	F.J.	1,2	3,00	2,00	0,75	6,95
IGLESIAS LÓPEZ	M.I.	3,00	3,00	1,00	0,75	7,75
OTERO MÉNDEZ	M.I.	2,7	3,00	1,00	0,75	7,45
PÉREZ LORENZO	N	0,90	2,20	1,00	1,00	5,10

Sendo as 10:20 pola Presidencia dáse por rematada a sesión, do que eu, secretaria, dou fe, co visto e praxe da Presidenta.

Data e sinatura dixital

